



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR, NOVEMBRO 2022

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 30.09.2022), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio. Este curso corresponde a renovación de tres pais/nais (un/unha deles/delas é o/a representante da ANPA e nomeado/a pola mesma), dous/dúas profesores/as, un representante do PAS e o representante do Concello.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou unha nai ou titor/a legal.
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público, celebrarase neste Centro o próximo **Xoves 27 de outubro ás 9:15 horas na secretaría do centro.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Ferrol a 25 de outubro de 2022

A directora

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
**C.E.I.P. ISAAC PERAL**  
FERROL

Asdo. Marta López Díaz